

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA IMPULSAR A FORMACIÓN DE MULLERES EN POSTOS DE TÉCNICAS E ADESTRADORAS NO ÁMBITO DEPORTIVO NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2022

O deporte consolidouse como unha actividade esencial de máxima relevancia na sociedade actual. Asíase directamente a un modo de vida saudable que contribúe a mellorar a condición física e fomenta valores coma os de superación, loita, respecto ás demais persoas e ás normas, e crecemento persoal baseado no esforzo e na mellora do propio rendemento.

De acordo co artigo 29 da Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, todos os programas públicos de desenvolvemento do deporte incorporarán a efectiva consideración do principio de igualdade real e efectiva entre mulleres e homes no seu deseño e execución. Neste sentido, a Deputación de Pontevedra ten, dentro dos seus ámbitos de actuación, promover o deporte feminino e conseguir abrílles as disciplinas deportivas ás mulleres mediante o desenvolvemento de programas específicos.

Atendendo aos datos recollidos no último Plan integral para a actividade física A+D do Consello Superior de Deportes, os datos cuantitativos sobre a participación de mulleres en todas as facetas da práctica deportiva amosa grandes desigualdades entre mulleres e homes. Así, no relativo aos datos relacionados coas profesións deportivas, observamos que a representación de mulleres nos cargos profesionais ou de persoal técnico alcanza niveis de arredor do 10 % en relación co total.

Deste xeito, segundo o principio de igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, a muller debería estar presente en todas as disciplinas e ámbitos do deporte base e de elite como deportista, adestradora ou xuíza. Con iso tamén se conseguirá que nun futuro un maior número de mulleres poida ocupar altos cargos de decisión en organizacións deportivas.

Neste sentido, debido á escasa presenza de mulleres en determinados ámbitos do deporte e, en concreto, nos equipos técnicos, a Deputación de Pontevedra considera de interese xeral incorporar actuacións encamiñadas a aumentar o número de adestradoras nos equipos femininos e masculinos de deporte base e de elite.

Deste xeito, unha das liñas prioritarias debe ser a formación especializada, entendida como un elemento de excelencia, dirixida a adestradoras e técnicas no ámbito deportivo.

No ámbito competencial, na Lei 10/1990, de 15 de outubro, do deporte, contéplase a importancia da investigación e dos ensinos deportivos, os cales poderían levarse a cabo en centros recoñecidos polo Estado ou, no seu caso, polas comunidades autónomas con competencias en materia de educación.

Así mesmo, na Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, na lexislación de réxime local e na lexislación sectorial do Estado, establécese que as deputacións exercerán no seu correspondente ámbito territorial as competencias para fomentar, promover e difundir o deporte.

Na Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que se constitúe como o marco xurídico e legal da igualdade entre mulleres e homes en todo o Estado español, e no Decreto lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, estipúlase que os poderes públicos, no marco das súas competencias, deberán incorporar medidas tendentes a acadar a igualdade efectiva.

Por todo o exposto anteriormente, a través desta convocatoria a Deputación de Pontevedra promove unha liña de axudas destinadas expresamente a mulleres empadroadas na provincia de Pontevedra para financiar estudos que lles dean acceso aos postos de adestradora ou de técnica nas diferentes modalidades, que se rexerán polas seguintes

BASES

1. Obxecto

O obxecto desta convocatoria é fixar as bases reguladoras das axudas destinadas a mulleres empadroadas na provincia de Pontevedra para financiar estudos que lles dean acceso aos postos de adestradora ou de técnica en clubs deportivos.

2. Financiamento

A contía total destinada a estas axudas estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria e convocarase con cargo á aplicación 22/340.3410.489.06 do Orzamento da Deputación para o ano 2022, por un importe total de vinte e cinco mil (25.000) euros.

3. Persoas beneficiarias

Poderán beneficiarse desta convocatoria as mulleres que estean empadroadas na provincia de Pontevedra polo menos desde o 1 de xaneiro de 2022.

Non poderán obter a condición de persoas beneficiarias as solicitantes nas que concorra algunha das circunstancias previstas nos artigos 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e 10.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

4. Gastos subvencionables

Considerarase gasto subvencionable aquel que, de maneira indubidable, responda á natureza da finalidade subvencionada. Terán esta consideración:

- Os gastos de matrícula dos diferentes títulos oficiais que dan acceso aos postos de adestradora ou de técnica nas diferentes modalidades; estes poderán impartilos as federacións deportivas (autonómicas ou estatais) ou os diferentes centros de ensinanzas deportivas de réxime especial iniciados en 2022. Os cursos poderán rematalos en 2022 ou comprender o ano lectivo 2022/2023

5. Procedemento de concesión

O procedemento de concesión das axudas realizarase en réxime de concorrencia non competitiva, en atención á existencia de crédito.

O importe máximo das axudas será de cincocentos (500) euros. En caso de que o crédito dispoñible fose insuficiente farase un rateo proporcional entre todas as solicitudes para cubrir a totalidade de axudas.

En todo caso, o importe da axuda recibida non poderá superar o 80 % do importe da matrícula do curso.

A concesión destas subvencións é compatible coas doutras administracións públicas que se reciban para o mesmo fin, sempre que o conxunto de todas elas non supere o 100 % do importe da matrícula presentada.

6. Lugar de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse preferentemente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

Opcionalmente, as solicitudes tamén poderán presentarse de forma presencial en calquera dos lugares e dos rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación das solicitudes, a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).

7. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes empezará a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio destas bases no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións, e finalizará o 1 de decembro de 2022.

8. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- NIF da persoa solicitante
- Certificado de residencia da persoa solicitante
- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Seguridade Social, coa Facenda autonómica e coa Deputación de Pontevedra

En caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilitase obter os citados datos poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

9. Documentación

As persoas solicitantes deberán achegar, xunto coa solicitude, a seguinte documentación:

- Anexo I. Certificado de estudos asinado polo centro onde estean a cursar os estudos

A documentación complementaria presentarse preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que acheguen. Excepcionalmente, a Deputación de Pontevedra poderalles requirir a presentación do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

10. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou se deixen de practicar por medios electrónicos.

As notificacións realizaranse a través do Servizo de Notificacións Electrónicas dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>. Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo que conste na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que esta se considere plenamente válida.

A persoa interesada deberá manifestar expresamente a forma de notificación escollida (electrónica ou en papel).

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se acceda ao seu contido. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra notificará as persoas interesadas polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

11. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou

presente os documentos preceptivos, indicándolle que, de non o facer, terase por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Na Sede electrónica están dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica ou presencial segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se está realizando o trámite. Os modelos están dispoñibles en: <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxeneticos>.

12. Instrución do procedemento

A instrución do procedemento de concesión das axudas correspóndelle ao xefe do Servizo de Deportes, quen realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para determinar, coñecer e comprobar os datos, en virtude dos cales emitirá un informe-proposta no que figure a valoración das solicitudes segundo os criterios sinalados nestas bases e se explique o sistema seguido, de conformidade co previsto no artigo 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e no artigo 24 da LXS.

Informe de fiscalización de Intervención de todos os expedientes e do informe-proposta.

Posteriormente, a Comisión de valoración das solicitudes de subvención realizará un estudo do informe-proposta do xefe de servizo. Este órgano colexiado estará composto por:

- Presidenta ou presidente: o deputado delegado da área de Deportes ou a persoa que designe

- Vogais: un membro do persoal técnico do Servizo de Deportes
- Secretaria ou secretario: unha ou un funcionario do Servizo de Deportes, que actuará sen voto

A Comisión de valoración poderá:

- Obter cantos informes estime necesarios para resolver
- Emitir un informe das solicitudes de subvención

As propostas de concesión de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente.

Unha vez transcorridos seis (6) meses a partir do día seguinte a aquel en que finalice o prazo de presentación de solicitudes sen notificar a resolución, as persoas interesadas estarán lexitimadas para entender a solicitude como desestimada por silencio administrativo.

13. Publicacións de actos

O acto de resolución do procedemento publicarse no BOPPO e terá os efectos dunha notificación ao afectar unha pluralidade de persoas solicitantes (artigo 45 da LPACAP).

Así mesmo, publicarase na páxina web da Deputación de Pontevedra.

14. Obrigas das persoas beneficiarias

As persoas beneficiarias deberán cumprir coas obrigas da LSG. En particular, durante este exercicio e o seguinte deberán:

- Superar o curso de maneira satisfactoria
- Cumprir e aceptar todo o estipulado nestas bases
- Darlle a adecuada publicidade ao carácter público do financiamento das axudas e colaborar coa Deputación na promoción do deporte e da actividade física na provincia se esta o requirise
- Someterse ás actuacións de comprobación, así como a calquera outra actuación que puidesen efectuar os órganos de control competentes, para o que se presentará toda a información que se lles pida no exercicio das actuacións correspondentes

15. Xustificación e pagamento

Para cobrar a subvención as persoas solicitantes deberán presentar a seguinte documentación obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", dispoñible en <https://sede.depo.gal>, indicando o trámite "Achega de documentación xustificativa":

- Certificado académico ou federativo de que superaron o curso

O pago efectuarase mediante unha transferencia bancaria á conta indicada na solicitude.

Para cobrar a subvención as deportistas deberán estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda galega, coa Seguridade Social e coa Deputación.

16. Transparencia e bo goberno

De conformidade co establecido na normativa de transparencia e bo goberno e co artigo 15 da LSG, a Deputación de Pontevedra publicará na súa páxina web a relación oficial de persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá igualmente as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, se puidesen impoñer nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

17. Devolución e reintegro

As subvencións concedidas deberán devolverse ou reintegrarse nos seguintes casos:

- Se se obteñen falseando as condicións requiridas
- Se non se aplican aos fins para os que foron concedidas
- Se a persoa beneficiaria incumpre as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases

18. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento por parte da Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionalos, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

19. Recursos

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interperse un recurso potestativo de reposición ante o órgano que as ditou no prazo dun (1) mes, que se entenderá como desestimado se transcorre este período de tempo sen recibir contestación; neste caso poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, segundo o previsto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous (2) meses. Igualmente, contra esta resolución tamén poderá interpoñerse directamente un recurso contencioso-administrativo no prazo indicado. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entendese desestimado.

20. Dereito supletorio

Para o non disposto nestas bases seguirase o establecido na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, nas Bases de execución do Orzamento provincial para o exercicio 2021, na LXS, na LPACAP e na demais lexislación aplicable.